

3. A feira que fomos



Da lectura de 'Anagnórise', unha viaxe pola estrada con parada nunha feira, xurdiu a idea de retratar estes pequenos universos antropolóxicos onde o agro, a tradición e o comercio de proximidade loitan por sobrevivir á urbanización do mundo. Este texto complementa o episodio 3 do podcast NALINGUA, dedicado á novela de María Victoria Moreno.

Lucía Abarrategui

Hai unha canción popular que di "se ti viras o que eu vin alá arriba en Monterroso, vinte e cinco xastres xuntos, dacabalo dun raposo". Non en van, calquera persoa que teña unha mínima idea sobre as feiras, sabe que o primeiro de novembro é unha data clave para ver en primeira persoa o que pasa alí "arriba". A do interior de Lugo

data de 1450 pero xa no século XII, a máis de cen quilómetros de distancia, escoitábase o gando na feira de Mondoñedo. Falamos das feiras de ano pero importantes eran tamén as quincenais. As feiras, alén de seren lugares de comercialización son un legado etnográfico secular, un espazo que, como dicía **María Victoria Moreno** en *Anagnórise*, fala sobre nós. De feito, as feiras experimentaron unha evolución que responde aos cambios nas condicións socioeconómicas do país.

Na realidade, falar das feiras é falar dun patrimonio inmaterial que, quincenal, mensual ou anualmente, celebra unha mestura de sons, recendos e xentes que achegan información do que somos, do que fomos e do que se callar, nun futuro non moi afastado, non sexamos. Polo tanto, presente e pasado son tempos que cómpre conxugar para coñecérmonos mellor. Non obstante, non podemos perfilar este relato sen escoitarmos persoas que, pola súa idade e experiencia de vida, coñecen mellor do que estamos a falar.

Trasladámonos a Betanzos, son as 9 da mañá dun domingo e **Pepe de Moar**, como o coñecen na zona, agarda por nós. Americana de la impecable, bufanda raiada e unhas lentes que o protexen dun sol que non loce. Efectivamente, non imos ficar na Cidade dos Cabaleiros, onde as feiras son o 9 e o 16 e, efectivamente, non sabemos que o que estamos a sentir non é frío ata que facemos vinte e dous quilómetros cara ao centro de Galicia en coche. Lembramos a viaxe que compartiron **Nicolau e María Victoria Moreno**, na que a profesora reprende un neno que aínda non tivo tempo de coñecer como funcionaba o mundo.



Pepe Moar, un habitual das feiras, é o noso guía na de Curtis. Fotografía de Xabier Martínez

Os lamentos de Moar en relación á decadencia das feiras veñen sendo un pouco iso. El, que lidera a expedición, plasma en palabras mil camiños para chegar ao destino desexado. Aínda é cedo e só as persoas que van vender cabalos, burros, porcos, ferramentas de labranza, queixos, monturas, churros, entre outras cousas, madrugaron máis ca nós. O noso guía é home de feiras, o seu pai foi gandeiro e el, aínda que xastre reconvertido a celador xa xubilado, coñece ben os segredos da terra e ten lidado con diferentes animais, entre os cales os cabalos son os seus preferidos. Moar é o noso embaixador na **feira de Curtis**, e vainos abrindo camiño entre aquelas persoas que saben de primeira man o que queda, e non queda, das feiras de antes. Nun momento, Pepe mándanos aguantarlle un paquete ben envolto en papel e nunha bolsa. Pesa moito.

Chegamos a un posto no que **José e Adela** venden ferramentas de labranza e cestas de vimbio. Sachos, fouciños e outras moitas cuxa utilidade custa recoñecer. Moar saca entón daquela bolsa un machete co mango crebado. Os donos do posto comprométense a arranxalo e a devolverllo na seguinte feira. "Así eran os negocios

de antes, de palabra, non facía falta ningún papel", comenta con certa nostalxia José. El é a metade dun matrimonio que vén desde Riotorto (a máis de noventa quilómetros) para darlle saída a unhas ferramentas cada vez menos demandadas e adquiridas, maioritariamente, por compradores que superan os setenta anos: "Os raños vendíanse moitísimo, por exemplo, en Betanzos para o lúpulo e agora nada. Agora, cando vén a primavera, que medra moito a herba, véndense fouciños. Tamén vendo coitelos, depende da época do ano. Cando vivía meu pai, hai cincuenta anos, había unha ferretería que vendía catro mil fouciños, eran tempos de trigo e agora, de eucalipto". José é dos poucos ferreiros que quedan pola súa zona, Ferreiravella, no que antes "de corenta veciños, trinta eran ferreiros e os que non o eran, traballaban para eles".



*José e Adela venden ferramentas de labranza cada vez menos demandadas.
Fotografía de Xabier Martínez.*

Neste oficio de artesáns, herdado do pai de José, as cousas mudaron moito. Os fouciños xa non valen "catro pesetas", andan polos quince euros, e as máquinas xa axudan en moitas cousas do traballo que antes eran impensables. Seguindo o percorrido pola feira, chegamos a un furgón convertido en expositor no que

podemos mercar desde unha montura para cabalo ata unha correa para can.

Aténdenos outro José, González, que con noventa anos, lembra o medo co que os tratantes e gandeiros trasladaban os animais "por causa dos moitos ladróns que había daquela". Unha lembranza que sinala o valor que tiñan as feiras.

No noso paseo pola feira de Curtis imos vendo que estes eventos son algo máis que unha venta ou unha compra, son un costume, un modo de vida, un xeito de ser e de estar: "Tes ansia de erguerse pola mañá para ir ver se os animais están ben e, á noite, outra vez". El é **Manolo G.**, gandeiro da zona de Curtis. Non falta a unha feira, aínda que os beneficios actualmente non sexan moitos: "Antes un pai criaba con seis vacas sete fillos, hoxe con cincuenta non crían un". Poderíamos dicir que está apoiado na parede da nave admirando os seus cabalos, pero pensamos que realmente está intentando soste coas costas as paredes dun encontro que non lle gustaría que se demolese.



As feiras, espello das mudanzas na sociedade galega. Fotografía de Xabier Martínez.

Preto de Manolo un home vende burros. E, durante a conversa, outro home achégase para ofrecerlle un burro a quen os vende. A resposta é negativa: "primeiro teño que vender un para mercar outro". Esta parece a norma básica dos tratantes. Dos e das, porque xusto en fronte chama a atención ver dúas rapazas tratando co gando.

Chama a atención por dúas cuestións. Primeira porque, tradicionalmente, foi e é un oficio masculinizado e en segundo lugar, porque a idade media das persoas que venden na feira é duns 70 anos. Elas son **Jhurena e Zelai Espantoso** (15 e 18 anos respectivamente) e, en canto hai un festivo ou unha fin de semana, dedican o seu tempo de lecer a ir ás feiras co seu avó. “Eu estudo enfermería pero se teño que dedicarme a isto non me importaría facelo. Non teño ningunha dúbida”. Zelai ten unha dimensión pedagóxica da feira, na que aprende historias, contos e xeitos de vivir que na universidade non están presentes. Desde a súa paixón desbordante fálanos da feira de La Candela (Proaza, Asturias), unha das grandes feiras da cornixa cantábrica, onde estivo coa súa familia.



*Zelai Espantoso aprende o oficio de tratante, historicamente masculinizado.
Fotografía de Xabier Martínez.*

Asturias é, xunto a Cantabria, un referente en materia de feiras mais Pepe advírtenos da importancia das feiras da nosa terra aínda que "nesta de Curtis hai moito gando porque caeu domingo e foi a de Asturias, pero normalmente non hai tanto". Despois de falar con distintos gandeiros todos coinciden nunha cousa: as feiras van para abaixo e niso, segundo a súa perspectiva, ten moito que ver a administración. Dínolo **Eugenio Veiga**, de Samos, que ao pé das súas rubias galegas

explícanos que a calidade e as formas inflúen no prezo dos animais "Estas son vacas de leite, van entre dous mil douscentos e mil catrocentos cincuenta euros. O meu obxectivo é vendelas o antes posible para mercar outras". Tamén este tratante, identificado coa bata negra, insiste en que o ambiente que estamos a ver hoxe na feira de Curtis non é o habitual xa que "as feiras perderon moito, agora quedan algunhas coma as de Melide e Chantada e outras coma a de Silleda, que funciona mediante poxa". De feito Eugenio traballa co seu fillo, mais o seu vaticinio sobre o futuro é a desaparición.

Entre tanto cruzámonos cunha veterinaria, encargada de controlar as condicións dos animais e as transaccións. A lista que leva é mínima e "non ten nada que ver coa lista que tiña hai anos". Contaxiámonos do pesimismo dun sector que non o está a pasar ben "antes gañabamos, agora sobrevivimos", di Manolo G. con resignación. Agradecemos a infraestrutura que nos protexe do vento e da chuvia, algo que nos tempos de antes non pasaría pois, como nos explica o noso guieiro Moar, as feiras "eran todas ao aire libre". Do mesmo xeito, aquel centro neurálxico de compravenda, cando as comunicacións eran limitadas, era mesmo unha necesidade. Vacas, porcos, cabalos, coellos ou vacas, entre outros moitos, eran obxecto dun diálogo entre o tratante e o potencial comprador. Aqueles homes de bata escura e vara na man tiñan e teñen as súas estratexias de venda, algo co que sabe lidar ben Moar: "ti pides polo teu cabalo mil euros. Se che noto que tes gana de vender, porque a moita xente nótaselle, eu ofrézoche a metade. Entón isto é un tira e afrouxa".



Pepe Moar negocia o prezo dun cabalo. Fotografía de Xabier Martínez.

Por suposto, a comida era, e segue a ser, algo imprescindible nestas celebracións sociais nas que non pode faltar o polbo á feira, madeira con madeira. Ao mesmo tempo, arredor das feiras artellábase toda unha serie de coñecementos moi valiosos dos que cada vez carecemos máis; aqueles que tiñan que ver coa meteoroloxía e as lúas. Iso facía que calendarios agrícolas, que se vendían a principios de ano nas feiras, triunfasen. **Carmen A.** lembra ben cando a súa avoa comentaba "imos comprar o **Zargagozano**, que é ben máis fiable que **O gaiteiro de Lugo**". Tamén lembra que levaban a vender a pela da manteiga envolta en folla de verza e detalles como "a sorte do paxariño" na que un pagaba por que un canario apañara un papel entre varios no que o destino estaba escrito, un síntoma de que o factor lúdico tamén estaba presente nas feiras.

Carmen tamén fai referencia ao papel da "señora que ía coa romana para saber o peso das cousas que se compraban e vendían, calcular o prezo e que non che deran gato por lebre". Son pormenores, acordanzas, cheiros e sensacións as que fan daquelas feiras algo significativo na vida desta muller que naceu na aldea e agora vive na cidade: "lembro os tratantes mirándolles os dentes ás vacas e o coche da

feira onde ían as persoas cos animais, as señoras coas cestas na cabeza, as taxas que tiñamos que pagar por vender e as galiñas que se vendían polo Nadal".



As feiras, un universo en crise que fala de nós. Fotografía de Xabier Martínez.

Moar examina cada cousa que pasa ao seu arredor. Decatámonos de que as feiras son universos dinámicos, case vertixinosos. Olladas e conversacións interrompidas que se retoman na seguinte venda. Están pasando cousas todo o tempo. Paramos. Pepe conta desilusionado como esa Galicia que imos perfilando coa axuda das persoas que continúan a soste as feiras vai perdendo identidade, froito das mudanzas herdadas que se deron no rural galego. Moar encóntrase cun coñecido, ao que lle daremos por nome **Paco**, xa que non quere ser identificado. Paco xa non exerce de gandeiro, amosa cansazo nos seus xestos e reafírmalo coas súas palabras: "Agora terminouse todo. O meu fillo xa non trae nada á feira, agora vende algo por internet. Acabouse todo porque os campos están abandonados, así non se pode vivir".

Esta é unha mostra das feiras que somos e das que fomos. Jhurena e Zulai debuxan o que podemos ser. Afouteza e determinación no medio dun zunido de pesimismo

que percorre a feira. Xa dicía María Victoria Moreno que "nas feiras pode coñecerse coma en ningures a alma dun pobo".